

## LUZ DE SOLPOR NA TERRA CHÁ

Por que esta luz suspende lentamente un enigma  
de outra luz que arborece nas gándaras lonxanas,  
un espello inclinado no corazón do mundo,  
entre o ceo e a tarde, fervor de seiva alzada  
sobre os campos que brillan avivecendo a sede  
das horas pronunciadas nunha dozura verde  
de finísima sombra rozando a flor da auga.

Por que esta luz que inclina a sua cor más diurna  
é medida de asombro transparente nos ollos,  
filtrando un astro puro de soedade e distancia  
no vento que devala silencioso unha aura  
de outonos pendurados no fondal do horizonte.

Un misterio violáceo vai enchendo os camiños  
de outra luz enlevada como un temor no corpo.  
Unha lámpada extraña acéndese entre as árbores  
e medra no silencio un ronselar de agoiros,  
fío de alento inmóbil sobre unha pel soñada  
cando a noite avivece no perfil do seu labio  
a terra estrelecida, todo o ser como un pálpito  
na maré desta chaira que tece a lonxania.

Esta terra é un segredo dividido no vento,  
país que se estremece como un mar insaciado  
nas searas do norte, ondulantes navíos  
 ancorados no ceo sonámbulo do tempo.

E a esa hora invisible de chama azul e pedra,  
de penumbra de río e unha dor que regresa  
nevada na memoria, toda a terra é un desmaio  
de abidueiras tristes, desolación lentísima  
da chaira largacía, un cintilar insone  
que escurece nos montes a cicatriz do día.

(...)

Por que esta luz nos ollos de lagoa vermella  
que asolaga un espello de arreguizos nocturnos.  
Un volume de brasa apagando o seu sopro,  
o vidro da distancia posuíndose de sombra,  
e esta luz que é un milagre ainda nas pucharcas,  
na lágrima dourada na pel dos ameneiros,  
neste meu sangue escuro que xa soña as estrelas.